

**Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a reserva da utilización para o seu uso específico da pista de padel municipal do Concello de Barreiros, así como a utilización do alumbrado da mesma a través dun sistema de fichas.

**Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias desta reserva.

**Artigo 4º.- Cuota tributaria.**

A cuota a pagar resultará de aplicar a seguinte tarifa:

CONCEPTO	EUROS
Reserva da Pista de Padel Municipal	4 € / hora (ou fracción)
Ficha para encendido de alumbrado	1 €/ ficha

**Artigo 5º.- Devengo.**

A presente taxa devengase no momento da solicitude nas oficinas municipais da reserva da pista de padel municipal.

**Artigo 6º.- Xestión.**

O pago realizarase nas oficinas municipais no momento de levar a cabo a reserva da pista de padel municipal, rellenando o correspondente formulario donde constarán os datos do solicitante, día e horas reservadas.

As fichas abonaranse no momento da súa retirada nas oficinas municipais.

O solicitante farase responsable dos danos causados nas instalacións municipais durante a utilización das mesmas. Está absolutamente prohibido que os usuarios da mesma cobren pola súa utilización a terceiras persoas; esto dá lugar á perda inmediata do dereito ó uso da pista, sen prexuízo de calquera outra medida sancionadora que o concello considere oportuno aplicar.

O Concello poderá limitar o uso da pista de padel en determinados momentos ou horarios por razóns de interese público.

O Concello reservase o seu dereito de non admitir o uso das instalacións en aqueles casos en que considere que se poden producir danos ou desperfectos nas mesmas.

**Artigo 7º.- Infraccións e sancións.**

No concerniente ás infraccións e sancións, rexirá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 8º.- Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

En Barreiros, a 25 de abril de 2012.- O Alcalde, D. Alfonso Fuente Parga

R. 1860

**Anuncio**

Por Acordo Plenario de data de 13 de febreiro de 2012, aprobouse inicialmente a "**Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos**" e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro da modificación para a súa entrada en vigor:

**"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

**Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1988.

**Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal derivada da expedición de determinados documentos administrativos a solicitude dos interesados.

**Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias da expedición dos documentos ós que se refire o artigo 2º anterior.

**Artigo 4º.- Responsables.**

1.- Serán responsables os que correspondan segundo a Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.- Cuota tributaria.**

A cuota tributaria será a seguinte dependendo do tipo de documento de que se trate:

- Listado de IBI: 1 €/pax.
- Búsqueda Bens Inmóbles: Información alfanumérica dun ben e cartografía dixital: 1 €/pax + 2 €/plano.
- Informe de antigüidade de vivenda: 1 €/pax.
- Certificación catastral: 4 € + 2 €/ben
- Certificación descriptiva e gráfica: 10 €/ben
- Certificación alfanumérica dun ben dun titular catastral: 10 € + 2 €/finca.
- Datos SIGPAC: 2 €/pax.
- Certificado de empadramento ou convivencia: 1 €
- Fotocopias de documentos que non sexan para entregar no propio Concello: 0,10 €/copia.
- Envío de fax: 1 €/pax.

**Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.**

Contarán cunha bonificación do 100% cando o documento se lle requira para a prestación de asistencia social.

**Artigo 7º.- Devengo.**

A presente taxa devengase coa solicitude de expedición de documentos, momento no que nace a obriga do pago da taxa e o cobro da mesma por ingreso directo nas oficinas municipais. Non se iniciará a tramitación solicitada ata dito ingreso.

**Artigo 8º.- Xestión.**

A liquidación efectuarase polos servizos administrativos municipais no momento de recibir a solicitude da expedición dos documentos.

Será preciso que o interesado rellene unha solicitude donde consten os seus datos persoais e a documentación que solicita e donde figurará xa a cantidade a pagar e si a mesma se pagou ou non.

**Artigo 9º.- Infraccións e sancións.**

No concerniente ás infraccións e sancións, rexirá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 10º.- Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

En Barreiros, a 25 de abril de 2012.- O Alcalde, D. Alfonso Fuente Parga

R. 1861

---

BECERREÁ

Anuncio

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 26 de abril de 2012, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2012 das:

- o Taxa polo subministro de auga.
- o Taxa pola recollida de lixo.
- o Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.